

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 64/2015

En data 29.07.14 por Providencia Alcaldía iniciouse expediente de contratación do subministro de renting de tres novas fotocopiadoras para o departamento de servizos sociais, casa de cultura e garderia-Ludoteca do Concello de Ponte Caldelas e o seu mantemento.

Visto que, dadas as características do servizo e vistos os informes de Secretaria e Intervención de 30.05.14, estímase que o procedemento máis adecuado é o procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación.

Visto que o día 23.10.14 se redactaron e incorporaron ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescrición técnicas, que rexerán a adxudicación do contrato.

Visto que o día 23.10.14 emitíuse a retención de crédito oportuna pola Intervención municipal.

Visto o informe de 23.10.14 conxunto de Secretaría e Intervención.

De conformidade co establecido no artigo 110 e na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, aprobouse en data 31.10.14 (Resolución de Alcaldía nº 448/2014) o expediente de contratación mediante procedemento aberto, oferta máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, para o subministro de renting de tres novas fotocopiadoras para o departamento de servizos sociais, casa de cultura e garderia-Ludoteca do Concello de Ponte Caldelas e o seu mantemento.

Na mesma Resolución aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas e ordeouse a publicación de anuncio no BOP e no perfil do contratante.

En data 19.11.14 publicouse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* e no perfil do contratante un anuncio de licitación, para que durante o prazo de quince (15) días hábiles os interesados puideran presentar as proposicións que considerasen pertinentes.

A esta contratación se presentaron as seguintes empresas:

1. NEA F3 IBÉRICA, SLU.
2. CANON ESPAÑA, SA.
3. FORNECEMENTOS GALEGOS, SL (FOGA)

En data 28.01.15 procedeuse á apertura do sobre A, con carácter non público, declarando as tres empresas presentadas como admitidas.

A continuación, procedeuse, en sesión pública, a apertura do sobre B.

A Mesa de Contratación propón en data 03.02.15 declarar como oferta máis vantaxosa do contrato do subministro de renting de tres novas fotocopiadoras para o departamento de servizos sociais, casa de cultura e garderia-Ludoteca do Concello de Ponte Caldelas e o seu mantemento, mediante procedemento aberto, á empresa CANON ESPAÑA, S.A., ao obter unha puntuación de 17,08 puntos, axustándose ó PCAP e ó PPT.

Vistas as oferta presentadas, vistos os criterios de valoración previstos na cláusula

15ª dos Pregos, considerando o disposto no artigo 151 do Real Decreto Legislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de CSP, e considerando as competencias da Alcaldía en materia de contratación establecidas na Disposición adicional 2ª do Real Decreto Legislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de CSP,

RESOLVO

PRIMEIRO. Que se clasifiquen as proposicións presentadas polos licitadores segundo a proposta levada a cabo pola mesa de contratación, de conformidade coa seguinte orde decrecente:

1. CANON ESPAÑA,S.A.
2. NEA F3 IBÉRICA, SLU.
3. FORNECEMENTOS GALEGOS, SL (FOGA)

SEGUNDO. Declarar **oferta máis vantaxosa** a presentada pola empresa CANON ESPAÑA S.A.

TERCEIRO. Que se lle notifique esta decisión e se lle requira a CANON ESPAÑA, S.A., licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, que presente, segundo a cláusula 17ª do Prego, no prazo de dez días contados desde o seguinte a aquel en que reciba o requirimento a documentación que se detalla na cláusula 13 dos pregos así como a documentación xustificativa de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias con Hacienda e con Facenda e coa Seguridade Social, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente, 5 % do prezo de adxudicación, sen IVE, que ascende a 292,50 €.

Mándao e asíno o alcalde, D. Perfecto Rodríguez Muíños, en Ponte Caldelas, o 12 de febreiro de 2015, do que, como secretaria accidental, dou fe.

O Alcalde,

Asdo.: Perfecto Rodríguez Muíños

A Secretaria acctal.,

Asdo. Elvira Crespo Casal